

Comprender la contabilidad y las finanzas

ORIOI AMAT
Barcelona: Gestión 2000. 2008
[288 páxinas]

Recibido: 14 de decembro de 2009

Aceptado: 24 de marzo de 2010

A economía actual caracterízase por un gran dinamismo e globalidade, que supoñen unha maior complexidade e esixencia da contorna no desenvolvemento eficiente de calquera actividade empresarial. Neste proceso, os coñecementos en materia financeira e contable constitúen ferramentas clave, que permiten a adopción dunha estratexia adecuada ás condicións de mercado vixentes, sen por iso diminuír o rendemento desexado ou sacrificar os obxectivos establecidos *a priori*.

Comprender la contabilidad y las finanzas constitúe unha referencia bibliográfica básica para que calquera directivo poida darlles unha adecuada cobertura ás grandes e dinámicas esixencias formativas que esixe actualmente a dirección empresarial. A través dunha exposición sinxela e directa, Oriol Amat achéganos a toda a amalgama de termos e procedementos financeiros e contables cunha estrutura lóxica e práctica. Esta obra representa un importante esforzo por ofertarlles un material pedagóxico actualizado a estes profesionais.

O primeiro capítulo é unha introdución teórica ás dúas disciplinas que constitúen o eixe temático do manual: a contabilidade e as finanzas. O propósito perseguido con esta exposición é sentar unha base de coñecemento sólida, que permita unha mellor asimilación de todos os aspectos que se van tratar no resto do manual. Por este motivo, identifícanse os conceptos de contabilidade e finanzas, a súa utilidade e a súa dimensión empresarial.

Logo desta primeira parte introdutoria, o resto do manual estrutúrase en cinco bloques co obxectivo de desenvolver cuestións relevantes e fundamentais que configuran a estrutura contable e financeira. Os tres primeiros céntranse na contabilidade, que constitúe unha importante fonte de datos para poder diagnosticar a situación económico-financiera da empresa. Pola súa parte, a partir da utilización da información contable xerada, os dous últimos bloques refírense aos orzamentos e aos plans financeiros que permiten configurar as accións necesarias para que a empresa estea preparada para os retos futuros e, con iso, o mantemento ou mesmo o incremento da súa competitividade nos mercados.

Deste modo, o primeiro bloque céntrase nos estados contables a través de tres capítulos centrados, respectivamente, no estado de fluxos de tesourería, no balance de situación e na conta de resultados. Co estudo da primeira cuestión preténdese que o lector tome conciencia da suma importancia que ten a xestión de tesourería na empresa, xa que aínda resulta relativamente frecuente que o fracaso empresarial

se asocie a un inadecuado control desta área. A continuación, identifícanse a estrutura e a composición de dous documentos contables básicos, que son o balance e a conta de resultados, que permiten, respectivamente, coñecer a situación patrimonial da empresa nun momento dado e os seus ingresos, gastos e resultados en relación cun período determinado.

A segunda parte do manual expón o cálculo, a xestión e a redución dos custos con catro capítulos referidos á súa identificación, diferenciándoo do concepto de gasto, tipoloxía, cálculo e, finalmente, xestión e redución. Ao igual que se indicou para a tesourería, o adecuado estudo e comprensión desta materia por parte dos directivos é especialmente crítica, porque unha xestión inadecuada pode minuar considerablemente a posición competitiva da empresa.

O terceiro bloque expón as ferramentas necesarias para a identificación da situación económica e financeira da empresa a partir da análise dos seus estados contables, obxecto de exposición nos capítulos anteriores. En particular, explícanse a análise patrimonial e financeira, a análise de ratios, a análise económica e a análise da rendibilidade, o autofinanciamento e o fondo de manobra, configurando cada análise un capítulo independente. Deste modo, como indica Oriol Amat, o directivo pode proxectar a súa toma de decisións para consolidar a posición empresarial aproveitando os seus puntos fortes e protexéndose dos seus puntos débiles.

A partir da información contable dispoñible coas técnicas anteriormente descritas, a cuarta parte refírese aos presupostos e plans financeiros expoñendo o proceso para a súa confección co obxectivo de preparar adecuadamente a empresa para os novos retos que formula a evolución futura da contorna. Finalmente, a partir de todos os conceptos, técnicas e procedementos analizados nos capítulos anteriores, o último bloque temático céntrase na avaliación de investimentos e na xestión do financiamento a través de senllos capítulos para cada ítem.

Malia a dificultade que supón o tratamento dos principais conceptos financeiros e contables de forma práctica e concisa, o autor logra organizalos de maneira óptima. Nesta liña non se esquece de resaltar os conceptos básicos, dos cales fai unha explicación clara e concreta, e que recompila á conclusión de cada capítulo e do manual. Ademais, o autor proporciona cuestionarios de reforzo que permiten a consolidación de coñecementos, así como bibliografía específica ao final de cada capítulo, que veñen a reforzar o carácter práctico do manual. En definitiva, este manual constitúe unha boa referencia para aqueles que desexen aproximarse ao coñecemento básico das principais técnicas contables e financeiras.

MARÍA MILAGROS VIVEL BÚA
Universidade de Santiago de Compostela